

FERVENZA DE VILOALLE/ AREA RECREATIVA “A CAZOLGA”

(4 Agosto 2019)

Hoxe tócanos disfrutar dunha ruta organizada polos nosos amigos de "Terras de Lourenzá", éste ano o percorrido vai de Viloalle (Mondoñedo) á Área recreativa "A Cazolga" (Lourenzá), son algo mais de 10 kilómetros e a dificultade é baixa.

As rutas poden ser más fermosas ou menos, o tempo pode coincidir que chova ou faga sol, pero o que más valoramos nesta cita é cómo nos recibe ésta xente tódolos anos, con moito agarimo e ledicia, coidando cada detalle, currando ó máximo para que disfrutemos dun día moi especial.

A nós encantounos éste percorrido, moi verde e moi fresquiño ó carón do río Masma. Visitamos a área recreativa da Fervenza, xunto ó Rio Tronceda, ali puidemos ver restos dunha antiga central hidráulica, merenderos, rocas ó pé da cascada e unha poza natural. En Viloalle atopamos unha ponte datada do século XVI-XVII, que cruza o río Masma e como remate da ruta tamén puidemos disfrutar doutra ponte, a de Cazolga, a área recreativa, cervexiña fría, churrasco, música, queimada, baile... e quen quixo tamén disfrutou dun baño no río. Sen dúbida é unha cita anual que recomendamos e que esperamos seguir disfrutando ano tras ano.

Mari Carmen Fernández Franco e Montse González Fernández